



ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
XGL/2019/43	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	2 de decembro de 2019
Duración	Desde as 12:35 ata as 13:05 horas
Lugar	SALA DE SESIÓNS
Presidida por	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
Secretario	ELEUTERIO PENA LAMAS

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
***7616**	EUGENIO GONZALEZ FERNANDEZ	NON
***1344**	HUGO FANDIÑO ALBERTE	SÍ
****0228*	INGRID MIHAELA LOREDANA OPREA	NON
***3018**	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
***8304**	MARÍA VICTORIA PORTAS MARIÑO	SÍ
***4161**	SAGRARIO MARTÍNEZ FERRARI	SÍ
***2819**	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA



Aprobación da acta da sesión anterior realizada en data 11 de novembro de 2019

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o borrador da acta da Xunta de Goberno Local realizada o día 11 de novembro de 2019.

Expediente 6751/2019. Solicitud de modificación de sinalización vertical

Non hai acordo

Motivo: Ampliar documentación

A Xunta de Goberno Local acorda retirar da orde do día este punto para mellor estudo.

Expediente 5506/2019. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE N° 5506/2019.- Conceder a J. P. G., con enderezo en Verdeal, nº X-Domaio-Moaña, licenza de obras para acondicionamento de planta baixa comercial para uso de vivenda nunha superficie de 76,88 m²., na Avda. de Ourense, nº X-Cangas (referencia catastral X), de conformidade co proxecto elaborado polo arquitecto David Villar Freire, de data abril de 2019, deberá formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza. O presuposto de execución material ascende a corenta e dous mil setecentos dous euros con sesenta e seis céntimos (42.702,66 €).

O cambio de uso a vivenda require a solicitude de primeira ocupación ao rematar as obras.

Expediente 6080/2018. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Detectado un erro na redación do acordo adoptado na Xunta de Goberno Local realizada en data 28.10.2019, relativo ao expediente N° 6080/2018, no que se concede licenza no sentido en que onde di: "...*licenza de obras para adaptación de portal de entrada nunha superficie de 3,57 m²., revestimento e pintado de cerramento nunha superficie de 35,87 m²., e demolición de caseta de 27,18 m.*", debe dicir: "...*retirada de muro preexistente, demolición de caseta de 27,18 m²., e construción de muro de 30,00 ml.*", de acordo coa documentación de data 12 de setembro de 2019.

Ao abeiro do establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, PROPOÑO rectificar dito acordo quedando da seguinte maneira:



EXPEDIENTE Nº 2651/2018.- Outorgar a "VELÁZQUEZ INMOBILIARIA SL", con enderezo na Avda. Méndez Núñez, nº 27-baixo-Cangas, licenza de obras para retirada de muro preexistente, demolición de caseta de 27,18 m²., e construción de muro de 30,00 ml., de acordo coa documentación de data 12 de setembro de 2019, en parcela sita en Seixo, nº X-Darbo (referencias catastrais X). O presuposto de execución das obras ascende a mil oitocentos setenta e tres euros con noventa e nove céntimos (1.873,99 €).

Expediente 3394/2019. Expediente de restauración da legalidade urbanística

Non hai acordo

Motivo: Ampliar documentación

A Xunta de Goberno Local acorda retirar da orde do día este punto para mellor estudo.

Expediente 6699/2019. Expediente de restauración da legalidade urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta de data 20.11.2019 da alcaldía, referente ao expediente nº 6699/2019-S de restauración da legalidade urbanística, que é como segue:

"Resultando que no lugar de Punta Alada-O Hío, polos responsables que se indican nesta resolución iniciouse a execución de obras sen a preceptiva licenza municipal consistentes en: realizar unha piscina de aprox. 13 m²., sen licenza para iso na parcela con referencia catastral X.

Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados, M. T. G. I., promotora.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística, segundo o determina o artigo 157 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, que pode tipificarse en principio como GRAVE, segundo o sinala o artigo 158.3 da mesma norma.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 6001 e 60.000 euros, de acordo co establecido no art. 161.1.b) da referida Lei 2/2016, indicándolle ao infractor que as sancións impostas ao abeiro desta lei reduciranse na súa contía nun 50%, se son aboadas no prazo de período voluntario e, neste mesmo prazo, o infractor amosa por escrito a súa conformidade coa sanción e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo.

Visto o establecido nos artigos 157 ao 164 da Lei 2/16 e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 163.c) da citada lei.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 17 de xullo de 2019 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO



PRIMEIRO.- Incoar expediente sancionador a M. T. G. I, por infracción urbanística, de conformidade coa Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución; realizar unha piscina de aprox. 13 m²., sen licenza para iso na parcela con referencia catastral X.

SEGUNDO.- Nomear como órgano instrutor do procedemento sancionador a M. R. G., sendo secretaria deste a do Concello; así mesmo, estarase ao establecido sobre abstención e recusación nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, en virtude do artigo 163.1 c) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia da Lei 7/85 e decreto de delegación de data 2 de xullo de 2015.

CUARTO.- Indicar á interesada o dereito que lle concede o artigo 161.4 da Lei 2/2016, de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que terá dereito a unha redución do 90% da sanción que debe impoñerse no caso de que repoña por si mesmo a realidade física alterada antes da resolución do procedemento sancionador.

QUINTO.- Comunicar ao instrutor a iniciación do expediente con traslado de cantas actuacións existan respecto diso e simultaneamente, notificar a presente resolución aos interesados (de selo caso ao denunciante), indicándolles que disporán dun prazo de QUINCE DÍAS para achegar cantas alegacións, documentos e información estimen convenientes e, no seu caso, propor proba concretando os medios de que pretendan valerse, quedando o expediente a súa disposición na oficina de urbanismo, advertindo aos interesados de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como proposta de resolución.

SEXTO.- Advertir á interesada que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

SÉTIMO.- Notifíquese o acordo á interesado, facendo constar que non pon fin á vía administrativa e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpor o que estime mais conveniente".

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

Expediente 5871/2017. Proposta do concelleiro de urbanismo e medio ambiente para execución de Sentencia nº PO 124/2004

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta de data 26.11.2019 do concelleiro de urbanismo e medio ambiente, referente á execución de Sentenza nº PO 124/2004, que é como segue:

"PROPOSTA DO CONCELEIRO DE URBANISMO E MEDIO AMBIENTE



Vista a parte dispositiva do fallo da Sentenza ditada o 13 de marzo de 2008 polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia Con/Ad Sec.2, pola que se estima o recurso de apelación interposto por R. M. R. P. e a comunidade de propietarios do edificio sito en 1º Travesía de Longán, nº X, contra a sentenza ditada con data 16.05.06, polo Xulgado Contencioso Administrativo nº 3 de Pontevedra, no PO 124/2004, que revogan e estima o recurso contencioso-administrativo que interpuxeron contra o acordo de 02.10.03 do Concello de Cangas, de concesión da licenza nº 19.441 a “Sport Club Morrazo SL”, para a construción de un edificio para uso deportivo en rúa Atranco e Avenida de Ourense, anulando dito acto por ser contrario a dereito.

A licenza nº 19.441 autorizaba a construción do edificio obxecto desta litis para uso deportivo na rúa Atranco e Avenida de Ourense.

Dando cumprimento á citada sentenza, que anula a referida licenza, propónse á Xunta de Goberno Local, órgano que outorgou a referida licenza, vista o Resolución de Alcaldía de data 17.07.2019 pola que se delegan as competencias, a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Ordenar o cese da actividade á que se destina o citado inmovible, sito en rúa Atranco e Avenida de Ourense, Cangas, propiedade de ‘SPORT CLUB MORRAZO SLL’, dando cumprimento ao establecido na Sentenza ditada o 13 de marzo de 2008 polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia Con/Ad Sec.2, pola que se estima o recurso de apelación interposto por R. M. R. P. e a comunidade de propietarios do edificio sito en 1ª Travesía de Longán, nº X, contra a Sentenza ditada con data 16.05.06 polo Xulgado Contencioso Administrativo nº 3 de Pontevedra no PO 124/2004.

SEGUNDO.- Conceder á empresa ‘SPORT CLUB MORRAZO SLL’, un prazo de QUINCE DÍAS HÁBILES, para a retirada efectiva de cantos útiles, enseres, maquinaria dedicados á explotación da actividade.

TERCEIRO.- Transcorrido dito prazo ordenar á Policía Local que xire visita de inspección co fin de comprobar o cese efectivo da actividade , ao tempo que se ordena que se nese momento, a actividade continua activa se proceda ao precinto do edificio sito en rúa Atranco e Avenida de Ourense, Cangas, propiedade de ‘SPORT CLUB MORRAZO SLL’, dedicado a uso deportivo”.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

Expediente 5789/2019. Proposta da alcaldía para aprobación do expediente de contratación das obras de "Acondicionamento espazo nas rúas Poio - Ensinanza"

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta de data 28.11.2019 da alcaldía, referente á aprobación do expediente de contratación das obras de "Acondicionamento espazo nas rúas Poio-Ensinanza", que é como segue:



"Vista a subvención concedida en data 8 de febreiro de 2019 pola Deputación de Pontevedra dentro do Plan Concellos 2018/2019, pola que se concede ao Concello de Cangas a cantidade de cento once mil cento dezaioito euros con vinte e dous céntimos (111.118,22 €), con destino ao financiamento do investimento 'Acondicionamento espazo rúas Poio-Ensinanza', cun orzamento polo mesmo importe, é dicir, cento once mil cento dezaioito euros con vinte e dous céntimos (111.118,22 €).

Tendo en conta o documento técnico de 'Acondicionamento espazo rúas Poio-Ensinanza', presentado por C. G. C. e A. F. F., de data decembro de 2018, aprobado o 17 de decembro de 2018, cun presuposto xeral de cento once mil cento dezaioito euros con vinte e dous céntimos (111.118,22 €) co IVE engadido.

Visto que a intervención municipal incorporou ao expediente documento contable de retención de crédito de data 14.03.2019, por importe de cento once mil cento dezaioito euros con vinte e dous céntimos (111.118,22 €), con cargo á aplicación orzamentaria 2019 / 0 / 1532 / 609 / 02 (número de asentamento 002083).

Visto que se incluíron no expediente o prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) e o cadro de características do contrato (CCC), que rexerán esta licitación e que constan no expediente os preceptivos informes de secretaría (de data 28.11.2019) e intervención (de data 25.11.2019).

Por todo o que antecede, de conformidade co disposto na Disp. adicional segunda da LCSP e no Decreto 2019-1135, de 17 de xullo de 2019, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación das obras de 'Acondicionamento espazo rúas Poio-Ensinanza', xunto co prego de cláusulas administrativas particulares e o cadro de características do contrato que rexerán o procedemento de licitación e que constan no expediente.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto que para o Concello supón esta contratación con cargo á aplicación 2019 / 0 / 1532/609 / 02 do vixente orzamento municipal.

TERCEIRO.- Abrir o procedemento de licitación mediante procedemento aberto simplificado sumario e tramitación ordinaria, debendo publicar o correspondente anuncio de licitación no perfil de contratante.

CUARTO.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de apoio xurídico e intervención".

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta transcrita.



Expediente 6680/2019. Proposta da alcaldía para solicitude de adhesión ao Acordo marco da Deputación de Pontevedra para a contratación do servizo de impresión e dixitalización municipal

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta de data 29.11.2019 de alcaldía, referente á solicitude de adhesión ao Acordo Marco da Deputación de Pontevedra para a contratación do "Servizo de impresión e dixitalización municipal", que é como segue:

"PROPOSTA DE ALCALDÍA

Visto o informe técnico de necesidade presentado por A. S. M., de data 19 de novembro de 2019, no que sinala:

‘O Concello de Cangas dispón na actualidade dun servizo de impresión e dixitalización en modo de renting, asinado o 11.01.2016 coa mercantil ‘DIN SL’, cunha duración de catro anos non susceptible de prórroga, o cal remata o vindeiro 11.01.2020.

Ante o inminente remate do contrato e estudadas as diferentes opcións para continuar con este servizo considerado o mais apropiado para a administración, existen dúas opcións: iniciar un proceso novo de licitación, con todo o que conleva a súa tramitación ou adherirmos ao Convenio Marco asinado pola Deputación de Pontevedra con data 17 de xullo do 2017, do que resultou adxudicatario a mercantil ‘CANON ESPAÑA SAU’.

Revisadas as condicións do acordo marco, así como, as condicións económicas, considero mais favorable a opción de adhesión ao Acordo Marco da Deputación Provincial.

Polo que solicito á Xunta de Goberno Local a aprobación do convenio de adhesión ao Acordo Marco da Deputación, xa que unha vez rematado o contrato actual quedaríamos totalmente sen servizo, dado que o Concello non dispón de máquinas en propiedade’.

Visto o modelo de convenio de adhesión que consta no expediente propoño, de conformidade co establecido no artigo 21.1s) e no Decreto 2019-1135 da LBRL, á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar o citado convenio nos termos expresados co compromiso de cumprir e facer cumprir as obrigas municipais derivadas deste.



Concello de Cangas

SEGUNDO.- Solicitar a adhesión ao Acordo Marco da Deputación Provincial de Pontevedra para a contratación do 'Servizo de impresión e dixitalización municipal'.

TERCEIRO.- Designar, para todos os efectos, como responsable do Concello no presente expediente a A. S. M..

CUARTO.- Trasladar o presente acordo de adhesión ao Servizo de novas tecnoloxías da Deputación Provincial de Pontevedra para os efectos oportunos".

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

Expediente 6734/2019. Proposta do concelleiro de urbanismo e medio ambiente referente a subvención da IDAE para a mellora de eficiencia enerxética

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta de data 28.11.2019 do concelleiro de urbanismo e medio ambiente, referente á subvención da IDAE para a mellora da eficiencia enerxética, que é como segue:

"PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE URBANISMO E MEDIO AMBIENTE

Visto que, o Instituto para a Diversificación da Enerxía (IDAE) modificou mediante o Real Decreto 316/2019 a liña de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono regulada polo Real decreto 616/2017. Este programa englobase dentro do Programa Operativo de Crecemento Sostible 2014-2020 do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, coñecido como DUS (Desenvolvemento Urbano Sostible).

Resultando que esta modificación inclúe dúas importantes novidades para as entidades locais da provincia de Pontevedra; por un lado a ampliación do orzamento (totalizando a día de hoxe 154 millóns de euros para Galicia) e por outro lado a extensión do seu ámbito de aplicación a todas as entidades locais con independencia do seu tamaño.

Tendo en conta este novo marco legislativo, a Deputación de Pontevedra en colaboración cos concellos da provincia vai a presentar novamente proxectos singulares, onde se engloben as actuacións propostas polos propios concellos, nas diferentes medidas recollidas no anexo I Real Decreto 316/2019 entre elas a Medida 11 no Rd 316/2019).

Visto canto antecede, ante as necesidades do Concello se propón a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Solicitar a adhesión ao 'PROXECTO RELATIVO A INSTALACIÓNS PARA USO TÉRMICO DA BIOMASA DENTRO DOS PROXECTOS SINGULARES DE ENTIDADES LOCAIS QUE FAVOREZAN O PASO A UNHA ECONOMÍA BAIXA EN CARBONO A PRESENTAR POLA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA OBTENIR FINANCIAMENTO DO FEDER A TRAVÉS DO INSTITUTO PARA A DIVERSIFICACIÓN DA ENERXÍA (IDAE) AO ABEIRO DAS SUBVENCIÓNS REGULADAS POLO REAL DECRETO 616/2017

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



(MODIFICADO POLO REAL DECRETO 316/2019):

SEGUNDO.- Aprobar o compromiso de consignación da cantidade de seis mil oitocentos cincuenta e sete euros con sesenta e cinco céntimos (6.857,65 €) (correspondente a un 10% do presuposto base de licitación estimado polo técnico) no orzamento municipal ou, de ser o caso, promover as modificacións orzamentarias precisas para o efecto de dotar de crédito a aplicación oportuna.

TERCEIRO.- Notificar o servizo de intervención do Concello do presente acordo e remitir á Deputación Provincial de Pontevedra o certificado de adhesión ao proxecto e o informe de técnico municipal no que se constatan tanto a determinación exacta e concreta das zonas de actuacións así como o orzamento estimado das actuacións propostas".

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

Expediente 6827/2019. Concesión do servizo de axuda no fogar

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* CONCEDERLLE a C.F.G., con expediente nº 36008/02/ 002832 e con DNI nº ***0141**, o Servizo de axuda no fogar a través da quenda de libre concorrencia e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

- Atencións de carácter persoal.
- Atencións de carácter doméstico e da vivenda.
- Atencións de carácter psicosocial e educativo.

Custo do servizo: douscentos cincuenta e seis euros (256,00 €).

Achega económica da persoa usuaria (segundo capacidade económica): 0 euros.

Número de horas: 20 horas.

Data prevista de alta no SAF: decembro de 2019.

Expediente 4395/2019. Proposta da concelleira de servizos sociais, igualdade, feminismo e sanidade para concesión de axuda do servizo de comedor escolar

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta de data 27.11.2019 da concelleira de servizos sociais, igualdade, feminismo e



sanidade, referente á concesión de axuda do servizo de comedor escolar, que é como segue:

PROPÓN

Á Xunta de Goberno Local a aprobación dunha relación complementaria das axudas do servizo de comedor escolar destinado a alumnos/alumnas de educación infantil (segunda etapa) e de educación primaria dos CEIP Nazaret, CEIP O Hío, CEIP Espiñeira e CEIP A Rúa, para o curso 2019-2020.

Nº REXISTRO	APELIDOS, NOME SOLICITANTE DNI	APELIDOS, NOME USUARIO/A COMEDOR	CENTRO DOCENTE CEIP PRAZA // DIAS	BONIFICACION	IMPORTE AXUDA PROPOSTA	RESOLUCION	MOTIVO
16.724	R. C., M. ***6976**	J. R., M. Nado o 06/09/11 J. R., V. Nado o 02/04/14	O HIO FIXA	100%	785,40 €	CONCEDIDA	

Número de solicitudes presentadas: 1 (2 menores).

Número de solicitudes con proposta de concesión: 1 solicitudes (2 menores con praza comedor bonificada).

Contía das axudas de comedor con proposta de concesión: setecentos oitenta e cinco euros con corenta céntimos (785,40 €), correspondendo :

- Meses de setembro a novembro de 2019: cero euros (0,00 €).
- Meses de decembro 2019 a xuño de 2020: setecentos oitenta e cinco euros con corenta céntimos (785,40 €).

Data de efectos da bonificación: desde o 3 de decembro de 2019".

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

Expediente 6888/2019. Proposta da alcaldía para aprobación do proxecto "Tramo rede abastecemento Vilanova - Hío, Cangas" e inicio de expediente (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Ratificación da inclusión na orde do día e declaración de urxencia: de conformidade co sinalado no art. 91.4 e 97.3 do Rd 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes acorda declarar a urxencia e a ratificación da inclusión deste punto na orde do día.

Vista a proposta de data 02.12.2019 da alcaldía, referente á aprobación do proxecto "Tramo rede abastecemento Vilanova-O Hío, Cangas", que é como segue:



Concello de Cangas

"PROPOSTA DE ALCALDÍA

Visto o proxecto 'Tramo rede abastecemento Vilanova-O Hío, Cangas', redactado pola arquitecta M. I. M. F. en data 28 de outubro de 2019, que ten como obxecto a definición e valoración das obras 'Melloras da rede de abastecemento en Vilanova' na parroquia do Hío (Cangas), no cal se recolle a necesidade da realización das obras para atender as demandas da veciñanza e evitar a contaminación dos pozos actuais, por un presuposto total de trinta e cinco mil setecentos setenta e nove euros con sesenta e tres céntimos (35.779,63 €).

Por iso, de conformidade do disposto na Disposición adicional segunda da LCSP e o decreto de delegacións competenciais na Xunta de Goberno Local, asinado en data 17 de xuño de 2019, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto 'Tramo rede abastecemento Vilanova-O Hío, Cangas', redactado pola arquitecta M. I. M. F. en data 28 de outubro de 2019.

SEGUNDO.- Iniciar o procedemento de contratación para a execución das obras 'Melloras da rede de abastecemento en Vilanova', na parroquia do Hío (Cangas)".

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

Expediente 6369/2019. Proposta da alcaldía de aprobación de convocatoria e bases para selección e posterior contratación laboral temporal de 1 técnico/técnica de turismo do Concello de Cangas e constitución de lista de agarda (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Ratificación da inclusión na orde do día e declaración de urxencia: de conformidade co sinalado no art. 91.4 e 97.3 do Rd 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes acorda declarar a urxencia e a ratificación da inclusión deste punto na orde do día.

Vista a proposta de data 02.12.2019 da alcaldía, referente á aprobación de convocatoria e bases para selección e posterior contratación laboral temporal de 1 técnico/técnica de turismo do Concello de Cangas e constitución de lista de agarda, que é como segue:

"Vista a inminente intervención cirúrxica e baixa médica da técnica de turismo que previsiblemente se prolongará no tempo.

Visto que a citada praza está contemplada no cadro de persoal e orzamentos en vigor deste Concello encadrada entre o persoal laboral fixo coa seguinte clasificación:

Posto de Traballo: técnico/técnica turismo

Categoría: Téc. medio

Grupo: II

Nivel: 24

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Visto o estado de tramitación do expediente, en particular o borrador de bases elaborado e remitido a representación sindical, así como os informes emitidos pola intervención municipal e secretaría de datas 29.11.2019 e 02.12.2019, respectivamente. Respecto a estes cómpre significar que se trata dunha contratación excepcional, en canto se trata da substitución derivada da baixa médica dunha traballadora, non previsible polo tanto a priori e que non é susceptible de ser cuberta co persoal existente por canto non existe outro profesional desas características no cadro de persoal do Concello, sendo Cangas un Concello declarado municipio turístico e estando próximas as festividades da Constitución e Nadal no mes de decembro- xaneiro, a Danza en Honra de San Sebastián (unha das tres danzas que conforman a festa de interese turístico de Galicia das 'Danzas ancestrais do Morrazo'), no mes de xaneiro e a celebración do entroido no mes de febreiro, festas todas elas que serven para atraer ao noso Concello a visitantes con evidente repercusión na economía local que obriga ao Concello a manter a actividade da oficina, ademais da xestión e tramitación de subvencións e expedientes que teñen lugar nos meses sinalados.

Motivos os expostos polo que procede aprobar a convocatoria e as bases dirixidas á selección do persoal que figura na proposta, levantando o reparo suspensivo formulado por intervención, toda vez que se trata de efectuar un contrato de substitución para unha praza que na actualidade conta con consignación orzamentaria.

Debe tomarse en consideración ademais que respecto ás observacións realizadas pola secretaría no seu informe de 02.12.2019, cómpre sinalar que os requisitos aos que fai referencia como diversos prazos ou temario só están predeterminados normativamente respecto a selección de funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo, pero non para os supostos de convocatorias para seleccionar persoal laboral temporal. Débese recordar a necesidade de observar na selección deste tipo de persoal procedementos áxiles que respetarán en todo caso, os principios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade e libre concorrència. De seguir os requisitos formais sinalados para a ocupación das prazas en propiedade seguindo o patrón dos procesos selectivos dos funcionarios de carreira se estaría a desvirtuar a axilidade mencionada, mentres que pola contra os prazos propostos non eliminan o dereito dos aspirantes.

Como se trata dunha contratación para a cobertura interina dunha baixa por IT, non existe risco de incorrer no que o secretario reflicte como estruturalidade, se ben en aras da axilidade para supostos futuros debe preverse a lista de agarda que recollen as bases non tendo estas unha duración indefinida senón de dous anos, se ben cabería a súa prórroga en función da aprobación dunha nova lista de agarda que, en calquera caso, estaría esta limitada pola aplicación da normativa xeral de procedemento administrativo, polo que non cabe falar de indefinición na súa duración.

Respecto da dúbida sobre a condición de persoal laboral ou funcionario da praza a convocar esta resulta resolta en ambos informes.

Visto que a competencia para aprobar as bases de selección de persoal corresponde á Xunta de Goberno Local en función do disposto no Decreto 1135-2019, de 17 de xullo de 2019.

En consideración ao anteriormente exposto traslado á Xunta de Goberno Local para a súa aprobación a seguinte:

PROPOSTA



Concello de Cangas

PRIMEIRO.- Levantar o reparo suspensivo formulado pola intervención municipal no seu informe de data 29.11.2019 en base a motivación exposta.

SEGUNDO.- Aprobar as bases para a selección e posterior contratación de para cubrir temporalmente o posto que se encadra do xeito que a seguir se pormenoriza no cadro de persoal dos orzamentos vixentes do Concello de Cangas, aprobados por acordo plenario de 30.05.2018 (publicación BOPPO nº 106 de 04.06.2018), con motivo da baixa por incapacidade temporal da súa titular:

Posto de traballo: técnico/técnica turismo

Categoría: Téc. medio

Grupo: II

Nível: 24

por mor da baixa por IT da traballadora con dereito a reserva do posto de traballo que a está a ocupar actualmente mediante unha contratación laboral temporal polo período de duración da baixa e no mesmo réxime da praza que se substitúe. Bases que literalmente din:

'BASES PARA A SELECCIÓN E POSTERIOR CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 1 TÉCNICO/TÉCNICA DE TURISMO.

PRIMEIRA.- Obxecto, réxime de contratación e sistema de selección.

O obxecto das presentes bases é a selección e posterior contratación para cubrir temporalmente o posto que se encadra do xeito que a seguir se pormenoriza no cadro de persoal dos orzamentos vixentes do Concello de Cangas aprobados por acordo plenario de 30.05.2018 (publicación BOPPO nº 106 de 04.06.2018), con motivo da baixa por incapacidade temporal da súa titular:

Posto de Traballo: técnico/técnica turismo

Categoría: Téc. medio

Grupo: II

Nível: 24

A contratación se realizará na modalidade de contrato laboral de duración determinada coas cláusulas específicas do contrato temporal de interinidade, polo tempo de duración da ausencia da traballadora substituída para a prestación de servizos como técnico técnica de turismo e coas retribucións da praza que se substitúe e no seu réxime (xornada completa de 37 horas e media semanais de luns a venres). Ás persoas seleccionadas seralles de aplicación o Acordo regulador das condicións de traballo do persoal ao servizo do Concello de Cangas.

Cos/coas aspirantes que tendo superado o proceso selectivo e pola nota final non acadasen praza, confeccionarase un listado para cubrir as baixas ou renuncias que se puideran producir entre o persoal que si resultase seleccionado, así como para cubrir as necesidades de contratación que se poidan producir por futuras baixas da citada praza de técnica de turismo durante un período de dous anos.

Para o suposto de que se produza a reincorporación da traballadora a substituír antes do remate do proceso selectivo non se dará a condición precisa para a contratación da persoa seleccionada polo que esta persoa, encabezando a lista de agarda que se aprobe, será obxecto do primeiro chamamento que se produza durante o período de vixencia da lista.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



SEGUNDA.- Requisitos dos/das aspirantes.

Para ser admitido/admitida á realización das probas selectivas os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ter nacionalidade española ou algunha outra que, consonte o disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, permita o acceso ao emprego público.*
- b) Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación forzosa.*
- c) Posuír a capacidade funcional necesaria para o desempeño das tarefas que se van realizar.*
- d) Estar en posesión ou en condicións de obter o título de grao ou diplomatura en turismo ou equivalente homologado, o día en que remate o prazo de presentación de instancias.*
- e) Non ter sido apartado mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás comunidades autónomas ou ás entidades locais, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.*
- f) Non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade.*
- g) Ter ingresado a taxa para participar no proceso selectivo segundo a correspondente ordenanza fiscal dezasete euros con catro céntimos (17,04 €) (deberá facerse previa obtención da correspondente folla de liquidación na tesourería do Concello).*

TERCEIRA.- Solicitudes, prazo de presentación e documentación a achegar con elas.

As persoas que desexen tomar parte nas probas selectivas deberán facelo constar no modelo de instancia que acompaña ás presentes bases dirixida ao alcalde presidente do Concello de Cangas, que deberá ser entregada no rexistro xeral, no prazo de dez días hábiles a contar dende o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no taboleiro de anuncios do Concello (<http://cangas.sedelectronica.gal/board/>), en horario de atención ao público.

Este modelo de instancia inclúe o modelo de declaración polo que se fai constar expresamente o cumprimento dos requisitos establecidos na base segunda, sen prexuízo de que ao final do proceso selectivo se deba acreditar documentalmente ese cumprimento. Malia isto deberá procederse a esta acreditación en calquera momento anterior se así o esixe o negociado de persoal do Concello ou o tribunal de selección.

*As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario de Correos antes de seren certificadas. Caso de que a instancia non se presente directamente no rexistro xeral do concello o/a aspirante deberá dirixir por correo electrónico dirixido ao enderezo **xuridico@cangas.gal** unha copia da instancia con anterioridade ao remate do prazo na que figure a acreditación data de presentación no rexistro correspondente, aos efectos de que poida ser incluída na relación de admitidos/admitidas.*

As persoas interesadas presentarán as súas solicitudes achegadas da seguinte documentación:

- 1. O modelo de instancia que achega ás presentes bases debidamente cuberto e asinado.*



2. *Fotocopia por ámbalas dúas caras, do DNI.*
3. *Fotocopia do título esixido na convocatoria.*
4. *Resgardo acreditativo de ter satisfeito as taxas.*
5. *A efectos de quedar exento da realización do exercicio de coñecementos do galego da fase de oposición obtendo a cualificación de superado, os aspirantes que o desexen deberán presentar antes da realización da proba escrita de galego o título acreditativo de estar en posesión do certificado en lingua galega – nivel 4 (CELGA 4) ou superior, ou a súa validación, ou a certificación do curso de lingua galega de perfeccionamento.*

En ningún caso, a presentación do pagamento da taxa por dereitos de exame suporá a substitución do trámite de presentación de solicitudes. Así mesmo, a falta de pagamento dos dereitos de exame dentro do prazo regulamentario de presentación de solicitudes, non poderá ser obxecto de emenda e determinará a exclusión do/da aspirante.

CUARTA.- Admisión dos/das aspirantes.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución declarando aprobada a lista de admitidos e excluídos provisionais, con especificación, no seu caso, dos motivos de exclusión, a cal se publicará no taboleiro de anuncios do Concello (<http://cangas.sedelectronica.gal/board/>). Os aspirantes excluídos disporán de 10 días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación do listado provisional para poder subsanar ou emendar, no seu caso o defecto que motivara a exclusión. No suposto de producirse reclamacións ditarase nova resolución estimándoas ou desestimándoas, o que se fará público, igualmente, no taboleiro de anuncios da Casa do Concello (<http://cangas.sedelectronica.gal/board/>).

QUINTA– Tribunal cualificador.

O tribunal que xulgará as probas terá por obxecto garantir e supervisar o correcto desenvolvemento do proceso en tódalas súas fases. Estará composto por cinco membros. Non poderá constituírse sen a asistencia como mínimo de tres dos seus membros titulares ou suplentes.

Os membros titulares e suplentes terán igual ou maior titulación ca esixida aos aspirantes á praza convocada, e terán voz e voto.

Os/as membros do tribunal deberán absterse de intervir, comunicándolle á Alcaldía cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime xurídico do sector público.

Así mesmo, os aspirantes, poderán recusar os membros do tribunal cando nestes concorran algunha das circunstancias previstas para a abstención de conformidade co establecido no art. 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

A composición efectiva do tribunal, así como a data e hora de realización dos exercicios, faranse públicos no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, integrando a resolución pola que se publique a lista provisional de admitidos e excluídos ao proceso selectivo, co fin de posibilitar a formulación de recusación contra os membros da comisión de selección.

O tribunal poderá contar coa colaboración dos asesores externos que considere oportunos, que actuarán con voz e sen voto, limitándose a prestar a súa colaboración nas súas



especialidades técnicas.

SEXTA.- Sistema de selección.

O sistema selectivo é a oposición libre e consistirá na realización de dúas probas:

I.- Proba de coñecementos prácticos.

Consistirá na realización dun exame tipo test de 50 preguntas relacionadas co temario adxunto, a realizar no día, hora e lugar que se indique na resolución pola que se publique o listado provisional de admitidos e excluídos. Este exercicio terá unha duración máxima de 70 minutos, sendo a puntuación máxima 10 puntos e sendo necesaria unha puntuación mínima de 5 puntos para acadar a cualificación de APTO. Aqueles aspirantes que non acaden a cualificación esixida quedarán eliminados. O exame conterá cinco preguntas adicionais como reserva para o caso de anulación dalgunha das preguntas do exame e que tamén servirán para resolver os posibles empates, en primeiro lugar no seu conxunto e despois, de persistir o empate, tomando en consideración cada pregunta reserva illadamente e na orde pola que foran formuladas de tal xeito que quedará supeditado/a aquel aspirante empatado que por esa orde cometese o primeiro fallo antes, finalmente de persistir o empate resolverase por sorteo entre os empatados.

II. Proba de Coñecementos de Galego

Terá carácter eliminatorio e será obrigatoria a súa realización para aquelas persoas aspirantes que non acreditaran con anterioridade á realización da proba, o título acreditativo de estar en posesión do certificado en lingua galega – nivel 4 (CELGA 4) ou superior, ou a súa validación, ou a certificación do curso de lingua galega de perfeccionamento. (Achegarase copia compulsada).

Consistirá na tradución dunha serie de 30 palabras propostas polo tribunal do galego ao castelán ou do castelán ao galego nun tempo máximo de 20 minutos. Será cualificado como apto/non apto debendo traducir correctamente como mínimo 25 das 30 palabras propostas para merecer a cualificación de apto.

TEMARIO

- 1.- A Constitución Española de 1978.*
- 2.- Lei Orgánica 1/1891, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia.*
- 3.- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.*
- 4.- Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público.*
- 5.- O municipio: territorio, poboación e organización. Competencias.*
- 6.- Normativa xeral e autonómica en materia turística.*
- 7.- A ordenanza de uso e disfrute das praias do termo municipal de Cangas (BOPPO 25/08/2009).*
- 8.- As instalacións, dependencias e servizos do Concello de Cangas.*
- 9.- Patrimonio histórico, cultural e etnográfico de Cangas.*
- 10.- Principais festas e eventos do municipio de Cangas.*
- 11.- A Semana Santa e as Danzas Ancestrais*
- 12.- As praias de Cangas.*



13.- Os aloxamentos turísticos do municipio.

14.- Plans de calidade turística no Concello de Cangas.

15.- A información turística. Planificación e xestión dunha oficina de información turística. A difusión de información. A información turística nas redes sociais.

Tódolos candidatos que concorran á realización da proba, deberán ir provistos do seu DNI, pasaporte ou permiso de conducir. En caso de non presentar ningún destes documentos, non se lle permitirá a realización das probas.

Os aspirantes serán chamados para a realización das probas nun único chamamento, quedando excluídos do proceso os que non comparezan.

SÉTIMA - Cualificación final.

A cualificación final virá determinada pola puntuación obtida na proba selectiva de oposición. Desfacéndose os empates de acordo co establecido na base sexta.

O tribunal seleccionador, fará pública, no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello as puntuacións obtidas polos/polas aspirantes. O tribunal cualificador non poderá en ningún caso, declarar máis aspirantes aprobados que prazas convocadas, calquera proposta que contraveña este mandato será nula de pleno dereito.

A continuación, o tribunal elevará a súa proposta á Alcaldía que ditará resolución para a contratación, de persistir a baixa que motiva o presente proceso selectivo, do/da candidato/candidata que acadase a maior puntuación con aprobación, en calquera caso, do listado de agarda proposto.

O resto dos aspirantes, que superando as probas non foran seleccionados, integrarán un listado de agarda ordenado segundo as puntuacións obtidas, de maior a menor, que será utilizado para cubrir as baixas ou renuncias que se produzan entre os aspirantes con dereito á contratación, así como para cubrir as necesidades de contratación que se poidan producir por futuras baixas da praza de técnica de turismo durante un período de dous anos.

Para o suposto de que se produza a reincorporación da traballadora a substituír antes do remate do proceso selectivo non se dará a condición precisa para a contratación da persoa seleccionada polo que esta persoa, encabezando a lista de agarda que se aprobe, será obxecto do primeiro chamamento que se produza durante o período de vixencia da lista, dous anos dende a súa aprobación.

O chamamento será realizado por orde de lista, a través de calquera medio de contacto dos que se fagan constar na instancia (teléfono, enderezo electrónico, escrito). A renuncia inxustificada supón a exclusión do aspirante da lista salvo que achegue xustificación suficiente no prazo de dez días hábiles a contar desde a data do chamamento. Para tal efecto considerarase xustificada a renuncia en situacións de parto, maternidade e situacións asimiladas, incapacidade física transitoria xustificada medicamente, estar traballando no momento do chamamento.

OITAVA – Publicidade das bases e da convocatoria destas..

As presentes bases estarán expostas ao público, no taboleiro de anuncios do Concello (<http://cangas.sedelectronica.gal/board/>) e con carácter complementario na paxina web do



concello (<http://cangas.gal/>) durante o prazo sinalado para a presentación de instancias, publicando un anuncio da convocatoria no BOP de Pontevedra. O taboleiro de anuncios municipal será o medio para dar publicidade a todas as notificacións dos actos que deriven do proceso selectivo iniciado coas presentes bases.

NOVENA.- Protección de datos de carácter persoal.

De acordo co disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos de carácter persoal que se faciliten para a participación no presente proceso de selección de persoal incorporaranse a un ou varios ficheiros, cuxo responsable é o Concello de Cangas, onde as persoas aspirantes poderán exercitar en todo momento os dereitos de acceso, rectificación e cancelación. Mediante a participación no presente proceso selectivo, as persoas aspirantes a este, consenten o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección de persoal, o rexistro de solicitudes, a cualificación de probas, a avaliación das persoas aspirantes, así como a provisión do posto. Igualmente, as persoas aspirantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no taboleiro municipal (físico e electrónico), para os efectos de dar a publicidade esixida ao procedemento de selección, aos representantes dos/das traballadores/traballadoras, así como aquelas cesións autorizadas nunha norma con rango de Lei.

DÉCIMA - Carácter das bases e incidencias.

As presentes bases desta convocatoria vinculan á administración local convocante, ao Tribunal cualificador e aos aspirantes que participen no proceso. O tribunal de selección queda facultado para a interpretación das bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias produza a súa aplicación durante o proceso selectivo, podendo adoptar os acordos necesarios na procura da boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

UNDÉCIMA. - Disposición final.

As presentes bases e cantos actos administrativos deriven destas e das actualizacións do tribunal de selección, poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas e polo disposto nas presentes bases.

Así mesmo a administración municipal poderá, no seu caso, proceder á revisión das resolucións dos tribunais conforme ó previsto na devandita Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

ANEXO

INSTANCIA PARA PARTICIPAR NA SELECCIÓN E POSTERIOR CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 1 TÉCNICO/TÉCNICA DE TURISMO.

APELIDOS, NOME:

TELÉFONO:



Concello de Cangas

DNI:

ENDEREZO:

ENDEREZO ELECTRÓNICO:

Solicita ser incluído na relación de aspirantes admitidos no proceso selectivo indicado na cabeceira.

Por medio do presente declara que non se atopa incurso/incursa en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade que determine a lexislación vixente e que cumpre todos os requisitos esixidos na convocatoria (en particular os expostos na base segunda) e que non foi separado/separada mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

Igualmente dá a súa conformidade á ser notificado electronicamente no enderezo electrónico facilitado respecto a todos os actos derivados do presente proceso selectivo e da contratación que puidera derivarse deste.

Cangas, de de 2019

Asdo. :

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR XUNTO Á PRESENTE SOLICITUDE:

- A presente instancia, debidamente cuberta e asinada.
- DNI.
- Titulación esixida.
- Xustificante acreditativo do pago das taxas.
- No seu caso, documentación acreditativa título exención exame galego.

Cláusula xeral: de acordo co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informámolo/informámola de que os datos persoais facilitados se incorporan e manteñen nun ficheiro titularidade do Concello, coa finalidade de poder atender a súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, podendo ser cedidos só nos casos previstos na lei. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, na medida en que a lei o permita, dos seus datos, comunicándollos por escrito ao Concello, achegando copia de documento que acredite a súa identidade.

ALCALDÍA DO CONCELLO DE CANGAS´

TERCEIRO.- Convocar o proceso selectivo mencionado e ordenar que se sigan todos os trámites ata que se proceda ás contratacións e aprobación de listado previsto nas bases.

CUARTO.- Que se proceda a publicación das bases de acordo co disposto nestas".

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850